

Arranxo de estrutura, fachadas e cuberta da Casa do Concello

avaliación técnica do sobre B

A- 1 Oferta de melloras complementarias..... de 0 a 35 puntos.

Os licitadores formularán oferta respecto da seguinte relación de melloras:

- mellora nº 1: Retirada do cabreado actualmente existente na fachada, incluíndo o tendido soterrado e demais obras auxiliares necesarias para realizar dita retirada de cabreado, poderanse propoñer solucións de enmascaramento nos casos en que se considere oportuno.

- mellora nº 2: Mellora das condicións de illamento térmico e acústico da cuberta

- mellora nº3: mellora das condicións de illamento térmico e acústico da carpintería da fachada incluída no proxecto.

En función dos criterios que seguen, obterase unha única puntuación global neste apartado. Para o cálculo da mesma se terá en conta a calidade dos materiais das unidades ofertadas, valorándose a súa adecuación ás normas de calidade do produto e á normativa técnica de aplicación. No caso das solucións construtivas ofertadas, avaliarase a mellora dos parámetros de confort térmico e acústico, a mellora estética e a durabilidade das solucións propostas

Para poder realizar a valoración en función dos criterios anteditos, as ofertas de melloras complementarias adecuaranse documentalmentemente ao seguinte:

- Descrición gráfica e escrita das características (materiais, dimensións, color, textura, etc.) de cada unha das unidades ofertadas. No seu caso, incluírase certificación da adaptación á normativa vixente Do mesmo xeito axuntarase unha memoria xustificativa da calidade das melloras ofertadas que permita valoralas conforme aos criterios establecidos nos pregos, con indicación de aquelas unidades, de entre as previstas na relación de melloras, cuxa entrega se compromete.

- Medición desagregada en partidas independentes de cada unha das unidades ofertadas.

- Un presuposto, desagregado en partidas independentes de cada unha das unidades ofertadas con expresión dos prezos unitarios.

Examinadas as ofertas presentadas, estas tense analizado comprobando as melloras presentadas en cada un dos aspectos puntuábeis, sendo estas as seguintes:

A.1.1 mellora nº 1: Retirada do cabreado actualmente existente na fachada, incluíndo o tendido soterrado e demais obras auxiliares necesarias para realizar dita retirada de cabreado, poderanse propoñer solucións de enmascaramento nos casos en que se considere oportuno.

- oferta nº1: OREGA

Non oferta a mellora

- oferta nº 2: EDISERPO

Oferta a retirada do cabreado da liña telefónica na fachada posterior, e outras canalizacións en distintas fachadas que se amosan cunha reportaxe fotográfica das mesmas, así como das luminarias actualmente existentes, e do cabreado asociado ás mesmas, con realización de pasa-muros. A mellora conta con un presuposto total de 561,41 €

- oferta nº 3: TUCONSA

Oferta a realización de obras de canalización subterránea nas inmediacións do edificio, para realizar o soterramento do cabreado existente en fachada. Ditas obras non poden valorarse como mellora, xa que corresponden á realización dunhas canalizacións que xa existen na actualidade, toda vez que foron realizadas en recentes obras de reurbanización da zona. Unicamente considerase a partida alzada incluída de levantamento de cabreado e a partida de tendido de novo cabreado, sumando en total un importe de 3.923,49 €.

- oferta nº4: PROYCOGA

Oferta a mellora, incluíndo unha partida de retirada de cabreado, con un orzamento total de 7,998,44 €, pero non entra en maiores detalles, limitándose a definición da mellora ao enunciado de dita partida.

- oferta nº5: COPCISA

Oferta a retirada do cabreado en desuso, con un orzamento de 4500€, e do mesmo xeito prevé a ocultación do cabreado que "deba permanecer" con bandexa pintada marca PEMSA. Esta última partida non se avalía, toda vez que dita solución considerase inaceptábel

- oferta nº6: BALBOA Y BUCETA

Oferta o pago do retranqueo das instalacións públicas existentes na fachada, correspondentes ás distintas compañías titulares das mesmas, cunha valoración total de 5000 €, limitándose a definición da mellora a dito enunciado.

- oferta nº7: CPA&IBEC

Oferta a mellora, incluíndo unha memoria, na que se propón a retirada do cabreado de fachada correspondente á instalación de alumeado monumental, trasladando dito cabreado ao interior, e a realización dunha trade na mesma para cada luminaria existente. Esta solución non se considera adecuada, dado o grande número de perforacións que se propón realizar nos paramentos de fachada. Oferta do mesmo xeito a realización dunha fornella en fachada para aloxar a acometida eléctrica e a caixa xeral de protección. En conxunto, destina un total de 6000€ a dita mellora.

- oferta nº8: DICSA

A proposta de mellora ofertada inclúe a retirada de todos os focos de iluminación existentes actualmente e das liñas de alimentación correspondentes Oferta do mesmo xeito o desmontado dos cabreados eléctricos pasándoos ao interior do soto incluíndo o tendido interior, camuflado en falsa pilastra de fábrica. Oferta do mesmo xeito o soterramento da liña informática que accede dende o edificio municipal de Churruchaos e da acometida eléctrica de R cable, incluíndo o conxicionado co rack existente. En conxunto outorga á mellora un importe de 9,952,50€.

OREGA	0,00
EDISERPO	3,50
TUCONSA	5,00
PROYCOGA	5,00
COPCISA	1,00
BALBOA e BUCETA	3,00
CPA&IBEC	5,00
DICSA	9,00

A.1.2 mellora nº 2: mellora das condicións de illamento térmico e acústico da cuberta

- oferta nº1: OREGA

Oferta a mellora do illamento térmico acústico da cuberta, mediante a inclusión dos seguintes elementos:

ventrirock 60 mm.

$$\lambda = 0.034 \text{ W/m}^2\text{K}$$
$$R = 1,75 \text{ m}^2\text{K/W}$$

$$\Delta R = 1,75 \text{ m}^2\text{K/W}$$

- oferta nº 2: EDISERPO

Oferta a mellora do illamento termoacústico da cuberta, mediante a inclusión dos seguintes elementos construtivos:

Taboleiro GUTEX 40 mm. en substitución do taboleiro de madeira existente en proxecto

$$\lambda = 0.037 \text{ W/m}^2\text{K}$$
$$R = 1,08 \text{ m}^2\text{K/W}$$

TRISO super 10+ de ACTIS

$$\lambda = 0.04 \text{ W/m}^2\text{K}$$
$$R = 5,25 \text{ m}^2\text{K/W}$$

$$\Delta R = 6,33 \text{ m}^2\text{K/W}$$

Polo que se refire ao illamento acústico a ruído de impacto, inclúe os seguintes elementos

lámina DELTA TRELA 15 DB

lámina DANOSA antiimpacto 19 DB

Oferta do mesmo xeito a mellora do illamento térmico acústico do lucernario central, mediante o incremento do grosor do policarbonato previsto

Policarbonato 10 → 30 mm. R=1,60 KW/m²°C

Tamén inclúe o illamento de canlóns mediante unha prancha de illante ríxido

ROOFMATE $\lambda = 0.16 \text{ W/m}^{\circ}\text{K}$

- oferta nº 3: TUCONSA

Oferta a mellora do illamento termoacústico da cuberta, mediante a substitución do taboleiro de madeira previsto por TERMOCHIP 10/40/19 composto por dous follas de taboleiro hidrofugado e núcleo de poliestireno extruído.

TERMOCHIP 10/40/19 U= 0.56 W/m²°K
R=1,89 m²°K/W

$\Delta R = 1,89 \text{ m}^{\circ}\text{K/W}$

- oferta nº4: PROYCOGA

Oferta a mellora do illamento termoacústico da cuberta, mediante a inclusión de unha lámina de lá de roca de 40 mm de grosor

lá de roca 40 mm de grosor $\lambda = 0.034 \text{ W/m}^2\text{°K}$
R=1,15m²°K/W

$\Delta R = 1,15 \text{ m}^{\circ}\text{K/W}$

- oferta nº5: COPCISA

Oferta a mellora do illamento termoacústico da cuberta, mediante la substitución do taboleiro de madeira previsto por TERMOCHIP 10/40/19 composto por dous follas de taboleiro hidrofugado e núcleo de poliestireno extruído.

TERMOCHIP 10/40/19 U= 0.56 W/m²°K
R=1,89 m²°K/W

$\Delta R = 1,89 \text{ m}^{\circ}\text{K/W}$

Polo que se refire ao illamento acústico a ruído de impacto, inclúe os seguintes elementos:

lámina DANOSA antiimpacto 10 19 DB

- oferta nº6: BALBOA Y BUCETA

Oferta a mellora do illamento termoacústico da cuberta, mediante a inclusión de unha lámina de poliestireno extruído de 40 mm de grosor

poliestireno extruído 40 mm de grosor

$\Lambda = 0.035 \text{ W/m}^2\text{K}$

$R = 1,25 \text{ m}^2\text{K/W}$

$\Delta R = 1,25 \text{ m}^2\text{K/W}$

- oferta nº7: CPA&IBEC

Oferta a mellora do illamento termoacústico da cuberta, mediante a inclusión de unha lámina de poliestireno extruído de 70 mm de grosor

poliestireno extruído 70 mm de grosor

$\Lambda = 0.035 \text{ W/m}^2\text{K}$

$R = 2,00 \text{ m}^2\text{K/W}$

$\Delta R = 2,00 \text{ m}^2\text{K/W}$

- oferta nº8: DICSA

Oferta a mellora do illamento termoacústico da cuberta, mediante a substitución do taboleiro de madeira previsto por TERMOCHIP 10/100/19 composto por dúas follas de taboleiro hidrofugado e núcleo de poliestireno extruído.

TERMOCHIP 10/100/19

$U = 0.16 \text{ W/m}^2\text{K}$

$R = 6,25 \text{ m}^2\text{K/W}$

$\Delta R = 6,25 \text{ m}^2\text{K/W}$

Oferta do mesmo xeito a mellora da solución construtiva da cuberta mediante a incorporación de unha lámina transpirable e impermeable Maydilit Tyvek de Dupont.

TOTAL APARTADO 1.2

	illamento termoacustico	illamento acústico impacto	TOTAL
OREGA	3,00	2,00	5,00
EDISERPO	11,00	2,00	13,00
TUCONSA	3,25		3,25
PROYCOGA	2,00		2,00
COPCISA	3,25	2,00	5,25
BALBOA e BUCETA	2,25		2,25
CPA&IBEC	3,50		3,50
DICSA	11,00		11,00

A.1.3 mellora nº3: mellora das condicións de illamento térmico e acústico da carpintería da fachada incluída no proxecto.

- oferta nº1: OREGA

Oferta a mellora do illamento termo-acústico da carpintería de fachada, mediante a inclusión das seguintes melloras:

substitución do acristalamento previsto en proxecto por un constituído por 4+4 mm Stadip Silence + cámara de aire de 16 mm + planistar de 6 mm

U= 1,3 W/m²°K

R=39 dB

- oferta nº 2: EDISERPO

Oferta a mellora do illamento térmico acústico da carpintería de fachada, mediante a inclusión das seguintes melloras:

substitución do acristalamento previsto en proxecto por un triplo constituído por 3+3 mm Stadip Silence + cámara de aire de 14 mm + planilux de 4 mm + cámara de aire de 14 mm+ planilux de 6 mm.

U= 1,8 W/m²°K

R=40 dB

Asemade, propón a mellora da clase de estanquidade da carpintería, pasando da clase 3 prevista en proxecto a unha de clase 4.

- oferta nº 3: TUCONSA

Do mesmo xeito, propón la mellora da clase de estanquidade da carpintería, pasando da clase 3 prevista en proxecto a unha de clase 4.

- oferta nº4: PROYCOGA

Oferta a mellora do illamento térmico acústico da carpintería de fachada, mediante la inclusión das seguintes melloras:

substitución do acristalamento previsto en proxecto por un constituído por 4+4 mm Stadip Silence + cámara de aire de 16 mm + planitherm de 6 mm

U= 1,4 W/m²°K

R=39 dB

- oferta nº5: COPCISA

Oferta a mellora do illamento termo-acústico da carpintería de fachada, mediante a inclusión das seguintes melloras:

substitución do acristalamento previsto en proxecto por un constituído por 3+3 mm Stadip Silence + cámara de aire de 16 mm + planitherm de 6 mm

U= 1,4 W/m²°K

R=36 dB

- oferta nº6: BALBOA e BUCETA

Oferta a mellora do illamento termo-acústico da carpintería de fachada, mediante a inclusión das seguintes melloras:

substitución do acristalamento previsto en proxecto por un constituído por 4 mm incolora + cámara de aire de 12 mm + planitherm de 6 mm

U= 1,6 W/m²°K

R=36 dB

- oferta nº7: CPA&IBEC

Oferta a mellora do illamento térmico acústico da carpintería de fachada, mediante a inclusión das seguintes melloras:

substitución do acristalamento previsto en proxecto por un constituído por 4+4 mm Stadip Silence + cámara de argón de 16 mm + planitherm de 6 mm

U= 1,1 W/m²°K

R=39 dB

- oferta nº8: DICSA

Oferta a mellora do illamento térmico e acústico da carpintería de fachada, mediante a inclusión das seguintes melloras:

substitución do acristalamento previsto en proxecto por un constituído por 4+4 mm Stadip Silence + cámara de aire de 16 mm + planitherm ultra N de 6 mm

U= 1,4 W/m²°K

R=39 dB

TOTAL APARTADO 1.3

	illamento termico vidro	illamento acustico vidro	illamento termoacustico carpinteria	TOTAL
OREGA	3,79	3,25		7,04
EDISERPO	2,43	4,33	4,33	11,09
TUCONSA			4,33	4,33
PROYCOGA	3,52	3,25	1,73	8,50
COPCISA	3,52			3,52
BALBOA e BUCETA				0,00
CPA&IBEC	4,33	3,25		7,58
DICSA	3,52	3,25		6,77

TOTAL MELLORAS

	mellora A 1.1	mellora A 1.2	mellora A 1,3	TOTAL
OREGA	0,00	5,00	7,04	12,04
EDISERPO	3,50	13,00	11,09	27,59
TUCONSA	5,00	3,25	4,33	12,58
PROYCOGA	5,00	2,00	8,50	15,50
COPCISA	1,00	5,25	3,52	9,77
BALBOA e BUCETA	3,00	2,25	0,00	5,25
CPA&IBEC	5,00	3,50	7,58	16,08
DICSA	9,00	11,00	6,77	26,77

A .2 Plano de control de calidade de 0 a 5 puntos.

Os licitadores presentarán un programa detallado para o control de calidade dos materiais e unidades de obra. Para a valoración deste criterio terase en especial consideración a aplicación de modernas tecnoloxías de control, así como a corrección e específica adecuación do programa proposto ás características concretas da obra, co fin de garantir a máxima calidade do proceso construtivo. Dito plano virá desagregado en partidas de control e ensaio concretas que, preferentemente, estarán referenciadas ás contidas no BDC Galicia, 10ª edición, publicado polo Instituto Tecnolóxico de Galicia

- oferta nº1: OREGA

Oferta un plan de control de calidade firmado pola empresa ENMACOSA, no que se destinan 6670€ antes de IVE a dito cometido. Do total das partidas de control, destinase a meirande parte das mesmas a control de execución (4.780€), realizando tamén ensaio de estanquidade de cuberta (900€), ensaio de estanquidade de ventá (900€), e control da chapa de cinc .

- oferta nº 2: EDISERPO

Oferta un plan de control de calidade firmado pola empresa EPTISA, no que se destinan 7800€ antes de IVE a dito cometido. Do total das partidas de control, destínanse a control de execución (960€), a diversos ensaios referentes ao comportamento das carpinterías (4692€), tales como os de estanquidade, permeabilidade da mesma e do conxunto carpintería-fachada, realizando tamén ensaio de estanquidade de cuberta (870€), control da chapa de cinc e do canlón (90€), ensaio da lámina drenante prevista (406€), ensaio do morteiro de cal de fachada (360€).

- oferta nº 3: TUCONSA

Oferta unha memoria de control de calidade sen valorar, na que inclúe determinación do grosor do zinc, proba de estanquidade a realizar in situ en cubertas por "pluviometría meteorolóxica", proba de estanquidade in situ do conxunto fachada-carpintería e control de execución

- oferta nº4: PROYCOGA

Oferta un plan de control de calidade incluíndo compromiso firmado pola empresa ENMACOSA de facerse cargo do mesmo, no que se destinan 4,552,08€ (2,4% s/PEM) antes de IVE a dito cometido. As partidas de control non se encontran avaliadas unha a unha, senón que se ofrece unha relación das mesmas, ás que se lles asigna unha importancia global. Do total das partidas de control, destinase a meirande parte das mesmas a control de execución, realizando tamén ensaio de estanquidade de cuberta, ensaio de estanquidade de ventá, control da chapa de cinc, do morteiro e da pintura á cal prevista.

- oferta nº5: COPCISA

Oferta un plan de control de calidade firmado pola empresa CYE, no que se destinan 11.157€ antes de IVE a dito cometido. Do total das partidas de control, estas se destinan na súa meirande parte a control de execución (6.000€), a diversos ensaios referentes ao comportamento das carpinterías (2.300€), tales como os de estanquidade, permeabilidade da mesma e do conxunto carpintería-fachada, realizando tamén ensaio de estanquidade de cuberta con pluviometría natural (650€), e ensaio do morteiro e pintura de cal de fachada (1.502€).

- oferta nº6: BALBOA Y BUCETA

Oferta un plan de control de calidade firmado por la empresa ENMACOSA, no que se destinan 6670€ antes de IVA a dito cometido. Do total das partidas de control, destinase a meirande parte das mesmas a control de execución (4.780€), realizando tamén ensaio de estanquidade de cuberta (900€), ensaio de estanquidade de ventá (900€), e control da chapa de cinc.

- oferta nº7: CPA&IBEC

Oferta un plan de control de calidade firmado pola empresa ENMACOSA, no que se destinan 6670€ antes de IVE a dito cometido. Do total das partidas de control, destinase a meirande parte das mesmas a control de execución (4.780€), realizando tamén ensaio de estanquidade de cuberta (900€), ensaio de estanquidade de ventá(900€), e control da chapa de cinc .

- oferta nº8: DICSA

Oferta un plan de control de calidade firmado pola empresa ENMACOSA, no que se destinan 6670€ antes de IVE a dito cometido. Do total das partidas de control, destinase a meirande parte das mesmas a control de execución (4.780€), realizando tamén ensaio de estanquidade de cuberta (900€), ensaio de estanquidade de ventá (900€), e control da chapa de cinc .

	fachada	cuberta	
OREGA	2,00	2,50	4,50
EDISERPO	2,50	2,50	5,00
TUCONSA	0,00	0,00	0,00
PROYCOGA	1,50	1,50	3,00
COPCISA	2,50	0,00	2,50
BALBOA e BUCETA	2,00	2,50	4,50
CPA&IBEC	2,00	2,50	4,50
DICSA	2,00	2,50	4,50

TOTAL PUNTUACION SOBRE B

	melloras	plan de control	
OREGA	12,04	4,50	16,54
EDISERPO	27,59	5,00	32,59
TUCONSA	12,58	0,00	12,58
PROYCOGA	15,50	3,00	18,50
COPCISA	9,77	2,50	12,27
BALBOA Y BUCETA	5,25	4,50	9,75
CPA&IBEC	16,08	4,50	20,58
DICSA	26,77	4,50	31,27

Pontevedra 29 de abril de 2013

O arquitecto xefe da OTA